

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 16 de decembro de 2024 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 30 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR352A).

A Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, do 30 de xullo de 2024, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 155, do 12 de agosto), establece no seu artigo 2 o crédito orzamentario que financia as subvencións reguladas nesta orde para o ano 2024.

Así mesmo, establece no seu artigo 2.3 que os créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ao non existir crédito suficiente na mesma aplicación 44.04.322C.481.7 (código de proxecto 2015 00489), para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas deste programa, que poderán ser concedidas ao abeiro da orde que se cita nesta disposición, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de entidades beneficiarias posible.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo primeiro

Amplíase o importe total das axudas establecidas na Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, do 30 de xullo de 2024, pola que se establecen as bases que



regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 155, do 12 de agosto), na seguinte contía e aplicación orzamentaria que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024:

Fomento do emprego a través dos programas de cooperación 44.04.322C.481.7, no código de proxecto 2015 00489, na contía de 1.207.029,36 €, con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e con fondos finalistas do Estado.

Artigo segundo

Estas modificacións non afectan o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2024

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: e9ue3t07-yau1-qos5-0yl7-pxzd13npwzm7

